



Negueira de Muñiz (Lugo), acolleu o XX CAMPIONATO GALEGO DE CAZA MENOR CON CAN.-

## O cazador de Trazo, José Manuel Torres Cebey, novo campión galego de Caza Menor con Can

O cazador coruñés, da Sociedade de Cazadores *Trazo*, José Manuel Torres Cebey coa cadela *Perla*, de raza setter inglés, proclamouse novo campión galego de Caza Menor con Can, na competición disputada o pasado 18 de novembro, no tecor da Sociedade de Cazadores *Negueira de Muñiz*, en Lugo.

Torres Cebey, lograba cobrar unha perdiz, e entraba no control ás 13,02 horas.

Subcampión, tamén cunha perdiz, foi, outro coruñés, Rafael Silva Vázquez, da Sociedade *Paraveche* que competía con *Morito*, de raza drathar. Terceiro, Antonio González Álvarez, con *Usa* (setter inglés), da Sociedade *Rio Miño* (Lugo), tamén cunha perdiz; e cuarto, Óscar Barreiro Cotón, con *Linda* (setter inglés), da Sociedade Venatoria de Santiago (A Coruña).

A pesares do mal tempo reinante, un día chuvioso e desapracible propio dos peores días de inverno, cun terreo totalmente empapado pola auga e moi dura para cazar, no que predominaba a perdiz autóctona -que escasean nos últimos anos nos montes galegos- o que xa de antemán facía presaxiar que as capturas ían ser escasas, como así foi -3 *perdices* e 2 *parrulos conformaban a percha final da competición*-, ningún dos participantes abandonou a competición, agás un xuíz que debido a un problema no xeonllo viuse obrigado a ser substituído.

Na competición, proba raíña da Federación, participaron os 21 mellores cazadores da Comunidade, que previamente tiveron que supera-los respectivos campionatos provinciais.

A organización correu a cargo da Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Cazadores *Negueira de Muñiz*.

Á clausura da competición e entrega de premios, que se desenvolveu na *Casa do Cazador*, asistiron ademais de varios responsables federativos co seu presidente, José María Gómez Cortón, ao fronte, o Alcalde de Negueira de Muñiz, José Manuel Braña; o Delegado Provincial en Lugo da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Eduardo Vidal; e o Presidente da Sociedade anfitriona, José Luis Lodos, entre outros. Todos eles coincidiron en sinala-la riqueza natural que atesoura este recuncho galego e a beleza paisaxística da zona.


Os catro primeiros clasificados, formarán a selección Galega que representará á Galicia na Semifinal do Grupo I do Campionato de España da modalidade, a celebrar no Centro Integral de Prácticas Cinexéticas de Castillejo de Robledo (Soria), os días 1 e 2 de decembro.



Os participantes á súa chegada a Negueira de Muñiz



Os participantes, preparados para comezar a competición



Panorámica da zona onde se disputou a proba



O novo campión galego, José Manuel Torres Cebey, recibe o premio de mans do presidente da FGC, Don José María Gómez Cortón



O subcampión, Rafael Silva Vázquez recolle o seu respectivo premio

Gabinete de Comunicación  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)